RESULTADOS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR—2010

Finalizadas as eleccións ao consello escolar do I.E.S. Lama das Quendas de Chantada obtivéronse os seguintes resultados:

a) Profesorado:

CANIDATURAS ELIXIDAS	VOTOS OBTIDOS	
López González, Diego Xesús	**36**	Trinta e seis
Gómez Couceiro, Araceli	**33**	Trinta e tres
Díaz López, María Teresa	**33**	Trinta e tres

b) Nais, pais e titores legais do alumnado

CANIDATURAS ELIXIDAS	VOTOS OBTIDOS	
Gómez Lamas, María Jesús	**10**	Dez
Rodríguez de Arriba, Milagros	**8**	Oito
CANDIDATURAS NON ELIXIDAS	**VOTOS OBTIDOS**	
López Seijas, Elsa	**6**	Seis

c) Alumnado:

CANIDATURAS ELIXIDAS	VOTOS OBTIDOS	
Vázquez Polo, Leticia	**142**	Cento corenta e dous
Varela Vázquez, Soraya	**138**	Cento trinta e oito
Sampayo Pulido, Alba	**74**	Setenta e catro
CANDIDATURAS NON ELIXIDAS	**VOTOS OBTIDOS**	
Janeiro Calvo, Lucía	**61**	Sesenta e un
Osorio Noguerol, Marcos	**61**	Sesenta e un
Pérez López, Jesús	**51**	Cincuenta e un

d) Representante do Concello de Chantada: Ledo Rodríguez, Hector

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 3

Novembro—2010

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Concurso de traslados

No D.O.G. 16 de novembro de 2010 saíu publicada a **Orde do 8 de novembro de 2010 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación.**

Hai que ter en conta que esta nova regulación derroga o Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en centros públicos de preescolar, educación xeral básica e educación especial e o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.

Este concurso de traslados réxese por unha nova normativa aprobada polo Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, publicado no BOE do 30 de outubro. Ao tratarse dun concurso de traslados estatal resulta de aplicación tamén a Orde EDU/2842/2010, do 2 de novembro, publicada no BOE do 5 de novembro.

Ten importantes modificacións en relación cos concursos de traslados de anos anteriores, empezando pola unificación de criterios e baremo para todos os corpos, agás a inspección educativa, de aí que na Comunidade Autónoma de Galicia se convoque o concurso para todos os corpos docentes mediante unha única Orde publicada no DOG.

En relación cos criterios de baremación deberá terse en conta que poderían verse modificados se a Comisión de Persoal da Conferencia de Educación adoptase algunha resolución de carácter vinculante, en aplicación do establecido no artigo 8.4 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro.

Relación de apartados das programacións didácticas

Celebradas as reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica o 27 de outubro e o 30 de novembro de 2010, acordouse que nas programacións didácticas recolleran como mínimo os seguintes apartados:

1.- Introdución e contextualización.
2.- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
3.- Obxectivos
4.- Contidos secuenciados e temporalizados.
5.- Criterios de avaliación.
6.- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
7.- Metodoloxía:
    7.1.- Metodoloxía específica da materia.
    7.2.- Materiais curriculares.
    7.3.- Outros recursos didácticos.
8.- Procedementos para a realización da avaliación inicial (na E.S.O.).
9.- Procedementos de avaliación:
    9.1.- Avaliación Ordinaria.
    9.2.- Avaliación Extraordinaria.
10.- Instrumentos de avaliación.
11.- Sistemas de cualificación.
12.- Programa de recuperación.
    12.1.- Materia durante o curso.
    12.2.- Materias pendentes doutros cursos.
13.- Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor (na E.S.O.).
14.- Procedementos para acreditar os coñecementos previos (en Bacharelato).
15.- Medidas de atención á diversidade.
16.- Programación de educación en valores.
17.- Tratamento do fomento da lectura.
18.- Tratamento do fomento das TIC.
19.- Tratamento do fomento da convivencia no centro.
20.- Contribución da materia ao proxecto lingüístico.
21.- Actividades complementarias e extraescolares.
22.- Procedementos de avaliación da programación.